

LINGUA GALEGA .

1 Vocabulario : a miña roupa. Actividade de ampliación.

Relaciona cada frase feita co seu significado.

- | | |
|----------------------------|----------------------------------|
| a) Poñerse ao abrigo. | 1. Non gastar moito. |
| b) Apertar o cinto. | 2. Ir moi mal vestido. |
| c) Ter mala pinta. | 3. Poñerse a cuberto, gorecerse. |
| d) Ir feito un figurino. | 4. Vestir moi ben. |
| e) Ir feito un espantallo. | 5. Ter mala aparencia. |

***Recordamos** a teoría dos **determinantes artigos** e os **determinantes demostrativos**:

Os **artigos** son un tipo de determinantes. Clasifícanse en :

● **Artigos determinados**, que presentan os nomes de seres ou cousas coñecidos. As súas formas son, **o, a, os, as**.

● **Artigos indeterminados**, que presentan nomes de seres ou cousas sen determinar. As súas formas son **un, unha, uns, unhas**.

Os **demostrativos** son determinantes que mostran ou sinalan algo, indicando se está máis cerca ou máis lonxe de quen fala. (este, ese, aquel, esta, esa, aquela...)

2 Elixe os **determinantes adecuados** desta lista e **escribe tres** diante de cada **nome**: o, a, os, as, un, unha, uns, unhas, este, esa, aqueles, estas.

- | | | | |
|-------|-------|-------|-----------|
| | | | abrigo |
| | | | luvas |
| | | | camiseta |
| | | | mandilóns |

3 **Localiza os artigos determinados e os indeterminados** nestas oracións :

- Que bonitas son as botas do escaparate!
- Teño uns zapatos preciosos cun tacón moi alto.
- A nena quéixase de que non ten roupa, e ten o armario cheo.
- Os pantalóns vaqueiros son moi cómodos para ir ao campo.
- Cris finalmente puxo a saia morada e un sombreiro do pai.
- A nai da nena mercoulle un abrigo de la nunha tenda da Rúa Nova.
- Aquela rapaza pintou unha horta no caderno coas pinturas da irmá.

Artigos determinados:	Artigos indeterminados:

4 Escribe agora as contraccións que atopaches nas oracións anteriores.

5 O conto popular. Le este conto e resolve as cuestións.



Sabedes o que lle pasou a aquel corvo que quería ser o corvo máis fermoso do mundo? Pois que un día atopou un pavo real morto e quedou pampo coa fermosura das súas plumas.

Sen pensalo, arrincouse as súas propias plumas e puxo no seu sitio as do pavo real. Tan galante se viu que pensou que xamais se volvería xuntar cos demais corvos.

Deixou así a súa casa e marchou para xunta os pavos reais. Pero, claro, os pavos reais víano raro, pequeno e feo. Pegáronlle e acabaron por botalo de onda eles.

— Vou volver cos meus— pensou entón—. Eles non me pegarán e, ademáis, con estas plumas tan bonitas, seguro que ata me adorarán.

Pero cando chegou entre os corvos, de tan cambiado non o coñeceron. Comezaron a darlle paus e a insultalo, e ao pobre corvo presumido non lle quedou outra que vivir só de alí en diante.

• Ponlle un título ao conto. _____

• A maior parte dos contos populares tiñan un fin didáctico, é dicir, estaban pensados para educar. Que ensinanza cres que podemos sacar deste conto?

• Investiva na túa familia e pregunta se coñecen algún conto popular. Escríbeo.

En caso contrario escribe un refrán popular, ou adiviña.

6 Palabras con ex— e con es—. Coa axuda do diccionario, escribe unha oración con cada parella de palabras:

sesta – sexta

esterno – externo

esperto – experto

▪ _____

▪ _____

▪ _____

- _____
- _____
- _____